

R. 1762

FRIOL*Anuncio*

Formada e rendida a Conta Xeral do Concello de Friol correspondente ao exercicio económico 2022, cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Comisión Especial de Contas na sesión do 5 de xuño, emitiu ditame ao respecto.

A mesma expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta entidade, por un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo, os interesados poderán examinar e presentar por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e o 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Friol, 5 DE XUÑO DE 2023.- O ALCALDE, Jose Angel Santos Sanchez.

R. 1763

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***EXPOSICIÓN DA CONTA XERAL**

Unha vez formada a Conta Xeral do exercicio 2022, integrada pola do Concello e pola do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias, logo de ser ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas o 24/05/2022, expónse ó público, xunto cos xustificantes e o ditame da Comisión, polo prazo de quince días hábiles, para que durante os cales e oito días máis, os interesados poidan presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co artigo 212.3 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Monforte de Lemos, 5 de xuño de 2023.- O ALCALDE EN FUNCIÓNS, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 24.01.2022, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE EN FUNCIÓNS, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1764

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio***CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello da Pobra do Brollón mediante Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de maio de dous mil vinte e tres, aprobou as bases para creación dunha bolsa de emprego destinada á selección temporal de persoal de axuda no fogar para realizar substitucións por ausencias de persoal por incapacidade temporal transitoria, permisos, licenzas, mediante o sistema de concurso.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Xornada: completa ou parcial en función da praza que se cubra en substitución.
- Salario e seguridade social: as fixadas no orzamento municipal 2023.
- Funcións: Atencións domésticas, Atencións persoais.
- Prazo para presentación de solicitudes: 20 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no xornal no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- taboleiros de anuncios da sede electrónica <http://concello.dapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>
- oficinas xerais do Concello da Pobra do Brollón.